



www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Tratamento farmacolóxico

Versión de 2016

3. Inmunoglobulinas intravenosas

3.1 Descrición

Inmunoglobulina é un sinónimo de anticorpo. As inmunoglobulinas intravenosas (IGIV) prepáranse a partir de grandes reservas de plasma de doadores de sangue sans. O plasma é o compoñente líquido do sangue humano. As IGIV utilízanse para tratar os nenos que carecen de anticorpos como resultado dun defecto no seu sistema inmunitario. Con todo, os seus mecanismos de acción seguen sen coñecerse con claridade e poden variar en diferentes situacións. Tamén se viu que as IGIV son útiles nalgunhas enfermidades autoinmunes e reumáticas.

3.2 Dose/formas de administración

Adminístranse mediante perfusión intravenosa, con diferentes protocolos dependendo da enfermidade.

3.3 Efectos secundarios

Os efectos secundarios pouco frecuentes e inclúen reaccións anafilactoides (alérxicas), dor muscular, febre e dor de cabeza durante a perfusión, así como dor de cabeza e vómitos debido á irritación menínxea non infecciosa (que os médicos chaman aséptica, o que significa que existe inflamación das membranas que rodean o cerebro) unhas 24 horas tras a perfusión.

Estes efectos secundarios resólvense espontaneamente. Algúns pacientes, en particular aqueles coa enfermidade de Kawasaki e hipoalbuminemia, poden presentar hipotensión grave cando reciben

IGIV. Estes pacientes necesitan unha monitoraxe coidadosa por parte dun equipo.

As IGIV non presentan VIH, hepatite nin a maioría do resto de virus coñecidos.

3.4 Indicacións para as principais enfermidades reumáticas pediátricas

Enfermidade de Kawasaki.

Dermatomiosite xuvenil.